

## QUE É O CANCRO COLORRECTAL

O colon ou intestino grosso, xunto co recto que é a parte do intestino grosso que está contigua ao ano, son o asento dun dos cancros máis frecuentes na actualidade.

Este cancro podemos detectalo en estadios precoces o que fai que sexa curable en moitas ocasións.

Máis aínda, podemos detectar lesións precancerosas (que son lesións benignas, que poderían malignizarse co tempo) e eliminalas de forma que impediriamos a súa evolución ao cancro.

## COMO SE PODE DETECTAR UN CANCRO COLORRECTAL PRECOZ

Un cancro precoz non soe dar molestias, pero pode alertarnos:

- O cambio do hábito intestinal de poucas semanas de duración
- A presenza de sangue visible nas feces (por iso a observación das deposicións é moi importante)

## HAI ALGÚN MÉTODO PRECOZ DE DETECCIÓN?

O cancro colorrectal frecuentemente sangra, pero en pouca cantidade. Este sangue mesturase coas feces facéndose indetectable a simple vista, por iso falamos de sangue oculta nas feces.

Existe un análise que permite detectar a presenza deste sangue non visible, é o test de detección de sangue oculta nas feces .

Cando o test é positivo hai que completar o estudio, usualmente cunha colonoscopia que permitirá detectar si existe cancro ou outra lesión non cancerosa.

## QUE SON E COMO SE DETECTAN AS LESIÓNS PRECANCEROSAS

As lesións precancerosas son os chamados pólipos de colon.

Na maioría das ocasións os cancros colorrectais veñen precedidos por estas lesións.

Os pólipos son inicialmente benignos e só nalgúns casos se transforman en cancro. Esta transformación tarda varios anos en producirse, polo que a detección e eliminación destes pólipos prevén o cancro.

Estes pólipos poden sangrar en moi pouca cantidade, mesturándose a sangue coas feces e detectándose coa proba de sangue oculta nas feces.



## PREVENCIÓN DO CANCRO COLORRECTAL

SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE

Pavillón estudiantil • Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881810000 ext. 14520 Fax 881815251  
Correo electrónico: med171@si.usc.es

# ESTÁS INTERESADO EN PREVIR OU DETECTAR PRECOZMENTE O CANCRO COLORRECTAL?

Se tes máis de 40 anos acude ao Servizo de Vixilancia da Saúde, onde che realizaremos a determinación da proba de Sangue Oculta nas Feces.

O cancro colorrectal é algo máis frecuente en persoas que teñen familiares que o padeceran. Neste caso debes consultar co teu médico ou co noso Servizo para aconsellarte sobre as medidas a tomar.